

Isaac Díaz Pardo

+

Luis Seoane

Unha coincidencia inevitable

Silvia Longueira

Comezamos o ano 2012 coa morte de Isaac. O home que sempre estivo aí, nun espazo xeográfico percorrido pola AP-6 desde o IGI ata o Castro de Sada, e logo cara a Cervo, á marxe de se presentar en calquera outro sitio onde fose reclamado, ou onde fose necesaria a súa presenza. Do mesmo xeito que un día marchou e seguindo os consellos de Núñez Búa pensou que Bos Aires, a onde tiñan ido parte daqueles que conformaron a súa infancia, era o lugar adecuado para comezar a construír unha idea renovada da pegada de Galicia.

Sobre a figura de Isaac nunca haberá ningunha dúbida, nin do seu traballo nin da súa xenerosidade de cara á xente e de cara ás ideas que quixeran construír. Editou coa intención de que todo era necesario para construír unha identidade, fabricou coa vontade de conseguir un proxecto industrial xusto e coherente coa historia de Galicia e traballou ata o último día da súa vida.

E ó mesmo tempo artellou amizades coas que marcou o compás da historia das ideas en Galicia, e que estaban por enriba de calquera circunstancia da vida. A de Luis Seoane e Isaac é unha delas. Xuntos faláron, acordaron, levantaron, plexaron e tamén sufri-

ron o desencanto de grandes proxectos, que serán motivo de estudo para a súa cuantificación. Unha débeda histórica e mesmo marabillosa, polo feito de como dous homes en circunstancias nada favorables ilusionaron a propios e estraños ata acadar o complexo mundo do *Laboratorio de Formas*, o *Museo Carlos Maside*, o *Seminario de Estudos Galegos*, as *Fábricas de Cerámica do Castro e Sargadelos* e toda unha proposta de acción cultural nunha terra de páramo e descoñecemento.

Con motivo da exposición “*Camións de Seoane*”, que inaugurabamos na Fundación Luis Seoane coincidindo circunstancialmente coa morte de Isaac, preparamos unha lista de coincidencias nas que ó longo da súa vida xuntaron a Isaac e Luis ata o pasamento desde último. Esta documentación, preparada pola documentalista Gloria López, deu lugar a un pequeno vídeo e publicación que editamos baixo a título *Aportación de urxencia a unha amizade*; unha idea que adoitaba dicir Isaac cando no último momento tiña a oportunidade de dicir algo máis sobre algo ou alguén. Seguindo esa cronoloxía, construíronse algúns dos feitos que foron salientables na traxectoria dos dous creadores. Estas felices coincidencias recóllense de modo xeral e teñen como



O taller de escenografía de Camilo Díaz, que aparece na fotografía ao fondo cos seus fillos Isaac e Mercedes (1921) e outros traballadores

soporte e fonte documental a extensa correspondencia entre ambos.

En 1934 Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane coñécense no taller de Camilo Díaz Baliño, o pai de Isaac, en Santiago de Compostela. Isaac era entón un rapaz que acompañaba ó seu pai e ós intelectuais que por alí se achegaban agromando unha intelectualidade da que participaba Luis Seoane e Castelao, entre outros. Unha atmosfera de diferentes correntes intelectuais, o talante conciliador e creativo de Camilo Díaz, a profundidade das reflexións de Castelao e a personalidade de Seoane axudaron a perfilar as características que acompañaron ó espírito libre e xenial de Isaac. Durante os dous anos que transcorren ata a marcha de Seoane exiliado a Bos Aires en 1936, no taller de Camilo Díaz constituíuse de xeito natural unha especie de “parnaso” das artes, as letras e o pensamento que deron froitos inimaxinables como a constitución do Estatuto Galego. Seoane e Camilo Díaz colaboran, entre outros xeitos, deixando un magnífico cartel que hoxe custodia a Fundación Luis Seoane.

“... lo mejor de tu carta es el fragmento de poema que acompaña. Creo que puede ser un gran poema. Sobre todo si sacas partido, aparte del trabajo de tu padre y la ayuda de

sus familiares, a la belleza del estudio, tal como vagamente lo recuerdo, con la muñeca vestida con traje típico y a los escudos heráldicos que son también diseño y prueban la fantasía de un pueblo.” (de Luís Seoane a Isaac Díaz Pardo en 1972).

En 1946, dez anos despois da chegada de Luis a Arxentina e coa sentenza de que o retorno a Galicia quedaba fóra dos seus planes, Seoane expón en Montevideo óleos, “gouaches” e acuarelas e o seu libro *Homenaje a la Torre de Hércules* é escollido como un dos mellores libros da década dos corenta. Mentres, Isaac expón en Londres, no Instituto Español dirixido por Martínez Turner que logo será membro do Seminario de Estudos Galegos. Alí entra en contacto con persoeiros do exilio como Luis Cernuda, Salazar ou Pedro Garfías. É a partir deste ano cando Seoane continuará a relación epistolar cos amigos que deixara en Galicia, como así o pon de manifesto as cartas recollidas a Fernández del Riego ou Maside: *“Mi querido amigo: _escríbelle a Maside_ hace años que perdí el contacto personal contigo y no por eso dejé de tener frecuentes noticias tuyas, bien por cartas que tu enviabas a amigos comunes o por diarios y revistas de abí. Te ruego saludes, si los ves, a Manteiga y a Fole y a todos los amigos comunes”*. Mentres, Isaac comeza-

Castelao, co fillo de Norberto A. Frontini (autor da fotografía), Luis Seoane, Xosé Eiroa e Arturo Cuadrado en Compostela (1932)



Díaz Pardo con Luís Seoane e Corredor Matheos en Sargadelos no (1971)



ba a artellar no Castro de Samoedo (Sada-A Coruña) un laboratorio dedicado a estudar os caolíns coa intención de restaurar Sargadelos.

A finais dos anos corenta, Seoane é xa un promotor cultural, organizando a primeira exposición sobre o libro e os autores galegos no Centro Gallego de Bos Aires, e Isaac constitúe a fábrica de cerámicas do Castro. Sucédense as primeiras viaxes de Luis e a súa dona a Europa, exposicións colectivas organizadas polo Centro Gallego de Bos Aires das obras de Laxeiro, Pesqueira, Xulia Minguillón, Faílde e o propio Díaz Pardo.

Pero non será ata 1954 cando Núñez Búa viaxa por primeira vez a Galicia e proponlle a Isaac que considere a idea de abrir unha fábrica de cerámica en Arxentina, tal e como afirmaba Díaz Pardo: “Foi Núñez Búa quen trouxo a idea e facer na Arxentina algo semellante ao que se estaba a facer no Castro. Isto para min tiña o aliciente de poder pór en contacto co grupo de exiliados que rodeaban a Seoane (...) e concreouse o proxecto de Magdalena”.

Así, en 1955, Isaac emprende a viaxe cara Arxentina, coa idea de expoñer e difundir tanto a súa pintura coma os elementos cerámicos. É o tempo da revis-

ta *Galicia emigrante*, na que Isaac colaboraba; da *Editorial Citania*, dirixida por Seoane... ata que no outono de 1957, Díaz Pardo volta de novo a Bos Aires e comezan as obras para construír o que sería a fábrica da Magdalena e que rematarían no ano seguinte. Segundo relataba Isaac, na Magdalena pensouse en facer un centro de investigación incluíndo un laboratorio de formas.

Por aquel novo centro de referencia pasou parte da intelectualidade galega, desde Otero Pedrayo, Antonio Baltar, Dieste ou Laxeiro... a relación con Seoane é xa unha alianza definitiva e os proxectos entre ambos toman un rumbo firme. Isaac entre Galicia e Bos Aires e Seoane cunha actividade permanente en Bos Aires e con viaxes a Europa.



Luis Seoane ao carón dunha colección de xerras de Sargadelos

Nesa alianza de traballo, emítese en 1961 unha edición radiofónica (as audicións radiais de Luis Seoane) de *Galicia emigrante* sobre a fábrica da Magdalena e Isaac Díaz Pardo, na cal se dá testemuña da vinculación de Isaac co exilio bonaerense. E é precisamente a este grupo de exiliados ós que Isaac intenta convencer de que pensen en volver a Galicia. E así, en 1963 Luís Seoane e a súa dona Maruxa pasarán desde xuño a outubro unha frutífera estada no Castro de Sada.

É precisamente nese tempo cando Luis Seoane e Isaac proxectan o *Laboratorio de Formas*. A súa primeira actuación é Edicións do Castro, a través da cal se editan dúas carpetas de gravados de Seoane: *El toro júbilo* e *O Meco*.

En 1964 constitúese a *Sociedade Sargadelos Ltda.*, a través do *Laboratorio de Formas*. Nunha das cartas Seoane indícalle a Díaz Pardo: “tú estás haciendo una obras muy importante, extraordinaria, con la fábrica y a tu ejemplo hay que llenar Galicia de pequeñas fábricas en las que la habilidad y el conocimiento heredado del pueblo encuentre cauce para nuevas iniciativas”.

Os sesenta son o verdadeiro tempo de fraguar as ideas e a relación entre os dous artistas. As viaxes sucédense dun ó outro lado do Atlántico. Danlle forma á publicación *Galicia Hoy*, nace *Sargadelos* como industria e movemento cultural, Seoane dese-

*Díaz Pardo decorando
unha peza de porcelana*



ña as 18 xerras medievais, deséñanse as coleccións para *Edicións do Castro...*

En 1969 (Seoane morrería na Coruña 10 anos despois), Luis e Maruxa estarán morando no Castro durante 5 meses. Aí xorden as 10 xerras homenaxe a Valle, Rosalía,... o mural do castro de “*Figuras sentadas*” e iníciáanse os preparativos para o Museo Carlos Maside. Dille Isaac nunha carta a Luis Seoane. “... *hay que llamarlo de entrada Museo de Arte Gallego Contemporáneo Carlos Maside. Debe estructurarse como museo con las siguientes secciones. Pintura, escultura y grabado. Expuestos permanentemente; archivo de dibujos y grabados. Sección bibliográfica de artistas gallegos contemporáneos. Biblioteca de arte gallego y de arte en general...*”

A partir de aquí o traballo de ámbolos dous faise tan visible como cuantioso. Seoane pasa cada vez máis tempo en Galicia, celébrase o IV *Seminario Sindical de Deseño Industrial*, inaugúrase o museo Carlos Maside e publícase, en 1970 o número 1 dos *Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia*. E en 1972 créase o *Seminario de Sargadelos e a Escola Libre*. Exposicións nunca antes feitas en Galicia, personaxes que se vinculan ó grupo de Sargadelos e ó Castro e que converten aquela amizade que nacera nun taller de artista do ano 1934, en Santiago, nunha das historias máis verdadeiras e profundas de amizade e traballo.

